



"O obxectivo do réxime franquista era acabar con todas as persoas que pensasen diferente"

[Praza Pública](#) 10 xullo 2016

<https://praza.gal/cultura/o-obxectivo-do-rexime-franquista-era-acabar-con-todas-as-persoas-que-pensasen-diferente>

Un percorrido por máis de cen anos de historia galega a través da vida cotiá duns personaxes cuxa relación só comprendemos cando temos todas as pezas do puzzle. Unha reflexión sobre como as relacións de poder nunha sociedade rixidamente xerarquizada afectan a todas as dimensións da vida. Ou sobre como, ante un réxime como o franquista, uns acatan, moitas veces beneficiándose, e outros rebélanse xa só polo feito de pensar por si mesmos. Todo isto, e moito máis, é a nova novela de Xosé Monteagudo, *Todo canto fomos* (Galaxia).

Percorres cen anos da historia de Galicia a través da vida cotiá dos personaxes. Mais o obxectivo era máis a historia dos personaxes que a do país?

O que acontece no 1936 é absolutamente determinante. A moita xente múdalle a vida, cando non a perde. A vida cotiá non volve ser a mesma e iso ten que notarse nos meus personaxes. Pero o que eu quería, si, é contar a peripecia individual de cada un dos meus personaxes, coa historia como pano de fondo.

A novela ten unha estrutura circular e vai alternando o relato das vidas dos distintos personaxes en distintas épocas históricas. Non é que sexa moi novidoso, pero supón unha complexidade, e unha riqueza narrativa, considerables. Por que esa estrutura?

Non me atraía facer unha estrutura lineal. Hai xa anos que lle estaba dando voltas á idea de intercalar épocas distintas. Interesábame poñer os personaxes en relación coa realidade de cada momento. As circunstancias que fan que os seus impulsos, sentimentos... teñan realizacións diferentes. O libro pedíame esa estrutura, ademais, porque hai datos que o lector non ten e iso configura a trama de xeito determinante.

Nese sentido, é distinto das túas novelas anteriores.

Esta novela está máis emparentada coa primeira, *As voces da noticia*, que era tamén como un puzzle no que ían encaixando as pezas ao avanzar a lectura. Unha estrutura semellante, con mutiperspectivismo.

Carlota é un dos primeiros personaxes que nos presentas. Unha muller culta, libre, non quero dicir que adiantada ao seu tempo porque en todos os tempos hai xente que pensa de maneiras distintas.

Si que se pode dicir que é unha muller adiantada ao seu tempo porque a maioría das mulleres do seu tempo non pensaban coma ela ou non se atrevían a vivir conforme ao que pensaban. Carlota é moi valente ao tentar romper con esa realidade.

Parece un personaxe inspirado na historia de moitas mestras republicanas.

Lin historias de mestras republicanas e todo iso axudou a configurar o personaxe, claro. Algúns detalles están tirados de algún caso real que lin. Si foi certo, por exemplo, que había mestras, e mestres, que poñían escola para adultos. E ese tipo de iniciativas foron facilitadas pola República. A República considera que sen educación non é posible superar o atraso do país, que é necesario educar as xeracións futuras, que van traer a modernización do país.

Amaro emigra a Arxentina. A lectura, os libros, permítenlle ascender económica e socialmente. A lectura é fundamental na traxectoria vital de varios personaxes da novela.

Si, porque hai unha reivindicación na novela do papel da cultura na modernización do país. Non pode haber modernización se non se parte da cultura ou se non se ten como meta o acceso á cultura. Amaro ve e vive iso. Accede á cultura en Arxentina e entende que ese é o camiño para avanzar. Trata de influír na realidade que o rodea a través da cultura, coma Carlota. A cultura é absolutamente central para a realización persoal e para o avance como país, como sociedade.

Maribel ten unha relación distante co fillo e ao fillo pásalle o mesmo coa súa propia filla. A incomunicación entre nai e fillo vén imposta, en parte, polo descoñecemento del da historia dela. É unha maneira de apuntar ao silencio que impuxo o franquismo?

O silencio fai que as relacións persoais estean viciadas e dá lugar á incompreensión. O fillo de Maribel ten unha relación distante coa nai porque non sabe o que viviu, porque lle supón unha vida que non é a que tivo. E só cando accede ao coñecemento da historia da nai comprende quen era.

Na contorna de Amaro reflíctense as distintas actitudes que nunha mesma familia podían darse cara ao franquismo. El ten unha. A súa filla Sara e o seu xenro Arturo, outra.

Si, porque quixen reflectir a realidade social da época. Había persoas que vivían moi ben conforme ao modelo de sociedade que quería o franquismo. Pero no meu libro quedan sen segundo plano. Porque o que me interesaba era dar voz ás persoas que foron silenciadas. Que adoptaron unha postura rebelde por non conformarse á realidade oficial.

Convertes a Castelao ou Bóveda en personaxes da novela. Podías optar por facelo ou non.

Si, pero ao ser Pontevedra nos anos 20-30 un dos principais escenarios da novela, é normal que teñan relación co movemento social, cultural e político dese tempo. Era necesario que os personaxes participasen desa realidade. Ademais, parecíame unha historia moi atractiva, moi interesante para tratar na novela. Por outra banda, temos moita información histórica, política... pero non se tratou tanto como eran as relacións persoais nese ambiente galeguista, a vida cotiá por exemplo nos parladoiros dos cafés... Deuse, incluso, unha casualidade, que é que o meu libro saíu no 2016 e Castelao chegou a Pontevedra no 1916. E foi unha persoa determinante na vida social e cultural de Pontevedra.

Alén da ideoloxía, o que define a uns personaxes e outros é a súa relación co poder. A submisión, ou a conformidade e o silencio, ou a rebeldía, para non deixar de ser quen se é.

É que ao contar a historia duns personaxes no século XX, o que estou a contar é a historia de como o poder reprimiu a liberdade de todos, de como unhas persoas se adaptaron á situación e outras reaccionaron. Uns aceptan a situación e a cambio teñen tranquilidade e benestar material. Outros non están dispostos a vivir segundo unhas ideas que non son as deles.

Polo personaxe de Carlota sabemos que o machismo e a ignorancia ás que ela se enfrontou viñan de moito antes do franquismo. Só que este as promoveu.

Claro, é que a desigualdade vén de séculos atrás. E esa mentalidade de sometemento da muller ao home estaba moi arraigada e era asumida pola maioría das mulleres porque non coñeceran outra cousa. Ademais, esa mentalidade de sometemento das mulleres ao poder masculino, mediatizada polo poder político e social, era máis forte no rural. Era un tempo de estratificación social moi definida, de clases sociais moi marcadas, nas que os de abaixo non podían aspirar a ascender socialmente. As mulleres sufrían dobre discriminación, de clase e por ser mulleres. Carlota representa, na súa contorna, a primeira xanela a outra realidade que poden ver as mulleres ás que dá clase. E iso remove toda a configuración social da contorna, porque naquel momento era revolucionario que unha muller pensase por si mesma.

En relación con iso, hai un momento no que comenta Amaro que os galegos non concibían a posibilidade de mellorar as súas vidas. Por que?

É o que comentaba: no rural, as cousas sucedían de xeito máis lento. Os cambios sociais tardaron máis. O rural dos anos 20, en canto a mentalidades, non debía ser moi diferente de 200 ou 300 anos atrás. A mentalidade seguía a ser a dos devanceiros. Amaro coñecera outra realidade ao estar na emigración. Pero para os galegos que non viran outra cousa, era inconcibible.

Os xuízos políticos franquistas que retratas parecen mostra non só da falta de garantías, da farsa que eran, senón do triunfo da ignorancia, do maniqueísmo. Se eras republicano, eras “roxo”. Se eras galeguista eras “separatista”.

É que eran xuízos nos que non importaba esclarecer a verdade. Eran pura represión. O obxectivo do franquismo era acabar con todas as persoas que pensasen diferente. Instaurar, ou máis ben restaurar, o xeito de pensar tradicional, anterior á modernización. Por iso os simulacros de xuízo. Ademais, ao franquismo, claro, non lle interesaba o acceso á cultura da poboación porque canto máis ignorante é a xente, máis doado é dominala. Nos anos 40 e 50, o obxectivo era manter a estratificación social que comezara a mudar, restaurar a sociedade tradicional, coas súas xerarquías ben marcadas. A cultura supoñía un risco de que a xente, a longo prazo, puidese rebelarse.

Hai personaxes secundarias ben interesantes, coma Filomena.

Filomena é receptiva ás ensinanzas de Carlota, e non é raro. Na historia da súa vida está a semente da súa rebeldía. Ela aspira a ascender socialmente, vai servir á casa do médico e ve que hai outro xeito mellor de vivir. Pero xa a advirte a nai de que sempre será unha labrega. Despois queda soa co fillo. E iso supón unha vantaxe no sentido de que non ten un marido que lle diga como ten que pensar. Non está na situación de sometemento que viven as mulleres casadas.

Cando falas do que acontece na illa de San Simón, parece que te refires a feitos reais. Como o director da prisión que extorsionaba os presos.

Si, iso é real, aínda que na novela cambieille o nome. Sobre o que aconteceu en San Simón hai documentación bastante. Xente que sobreviviu escribiu memorias, relatos biográficos...

Como falas de vida cotiá, falas bastante de afectos. A relación entre Maribel e o fillo vese limitada polas circunstancias políticas. Igual que lle pasara a Maribel coa súa parella e despois co seu marido. O réxime mudáballes a vida enteira. Iso tamén.

Nunha sociedade cunhas estruturas de clase e de poder tan ríxidas, pasa iso. Porque o que pasa é que non se establecen relacións entre os individuos, entre subxectividades, segundo as apetencias por exemplo, senón que o que media entre as persoas son as relacións de poder entre as distintas clases sociais. E nesas circunstancias hai xente que se deixa asoballar e xente que non. E a que non está disposta a someterse ao dominio é a que ten ese tipo de conflitos nas relacións persoais.

De todos os xeitos, non todo era interese ou submisión. Hai personaxes no libro, coma Arturo, cuxo autoritarismo é promovido e protexido polo réxime, pero e el quen o leva dentro.

O sistema político estrutura a sociedade ata ese punto. O home era o pai de familia e impón a súa xerarquía -de igual xeito que o réxime a impón entre as clases sociais- sabendo que o réxime o vai protexer. Desde esa posición, hai distintas formas de exercer o poder, mesmo xeitos brandos, case imperceptibles. Pero Arturo é consciente do poder que ten e quere exercelo.

Algo máis? A historia está moi ben contada, pero ás veces, na primeira parte, perdémonos un pouco cos personaxes.

Xa me dixeron iso, si. É unha novela na que traballei moito, durante cinco anos. Eu quixera ser escritor desde a adolescencia, e con 45 anos sentíame lonxe do que quería conseguir como escritor. Pensei que aos 50 non conseguía escribir o que quería, abandonaría... Comecei esta novela, e ao acabala tiveron unha sensación rara de, era isto? É a miña novela máis ambiciosa, iso si.